

A CONSELLERÍA DE SANIDADE PRESENTA OUTRO PARCHE COMO SOLUCIÓN AOS PROBLEMAS DE ATENCIÓN PRIMARIA

CIG-Saúde rexeita o documento presentado polo SERGAS o 5 de decembro para regular a voluntariedade

Para CIG-Saúde, antes de establecer calquera regulación sobre a voluntariedade, é imprescindible garantir unhas condicións laborais dignas. Sen isto, non haberá persoal disposto a asumir voluntariedade.

Ademais, debe quedar establecido que **a voluntariedade é a última opción**, sempre despois de **esgotar as listas de contratación** e tamén **cando as prazas estruturais non se cubran**. No documento actual inclúese ao persoal de enfermaría nunha situación que non se corresponde coa súa realidade de dispoñibilidade.

No caso do persoal de PAC, é imprescindible resolver de inmediato o **problema do cómputo de xornada**. Levamos anos denunciando que se está a recortar tempo laboral ao persoal deste ámbito e non é aceptable que ao gozar dun permiso ou estar de baixa por IT se deba xornada.

Desde CIG-Saúde solicitamos a elaboración dun Plan de Ordenación que teña en conta o criterio dun **máximo de 30 atencións urxentes por quenda e equipo** para dimensionar axeitadamente os equipos dos PAC.

O persoal de atención ordinaria sofre axendas interminables, prolongando a súa xornada moitas veces máis alá do horario laboral. É necesario un plan de ordenación realista: analizar cargas de traballo definindo **axendas de máximo 28 consultas**, definir necesidades.... Hai que revisar as carteiras de servizo de todas as categorías, incorporar os recursos necesarios e eliminar burocracia innecesaria. Só así mellorará a carga laboral.

En resumo, esta proposta do SERGAS supón “comezar a casa polo tellado”. Primeiro hai que identificar necesidades reais e aplicar solucións urxentes.

En canto ao procedemento, existen múltiples puntos de desacordo:

– O persoal con **nomeamento de substitución** tería que asumir a atención continuada que elixa o titular da praza. A voluntariedade debe ser sempre iso: voluntaria.

– **A voluntariedade proposta non é equitativa** para o persoal médico de atención ordinaria e de PAC, xa que se ofertan incentivos económicos e doutro tipo só para o persoal de ordinaria e non para todo o persoal. Ademais, non entendemos por que os tramos son distintos para atención ordinaria e PAC; deberían aplicarse os mesmos criterios. Desde CIG-Saúde manifestamos que os incentivos e os tramos deben ser negociados e aplicados a todo o persoal, sen discriminacións.



- **Rexeitamos a puntuación adicional.** CIG-Saúde considera inxusto que para acceder a unha praza fixa conte a realización de xornada complementaria.
- O documento **inclúe cuestións alleas á voluntariedade**, como regulación dos plans funcionais de PAC ou a situación dos sábados pola mañá, que non deben regularse aquí.
- Establécese un **tratamento desigual dos sábados pola mañá** segundo sexa persoal de PAC ou de atención ordinaria.

Estas son só *algunhas das cuestións* que evidencian que CIG-Saúde non pode aceptar este borrador.

Por iso esiximos ao SERGAS:

- **Que aprace a regulación da voluntariedade** ata mellorar as condicións de traballo de todo o persoal de atención primaria.
- **Que estableza criterios baseados na equidade** e conte, en primeiro lugar, co persoal dispoñible nas listas de contratación.



**Outra
Atención
Primaria é
posible**



CIG-SAÚDE – A forza das persoas que loitan pola sanidade pública!

